

SOPA DE LETRAS: O UNIVERSO

Esta actividade pertence a unha páxina educativa **EducaPlay**, formada por ADR Formación sendo autor Michael Galeano. Dentro da páxina atopase unha variedade de exercicios destinados a nenos e nenas de primaria, tamén tendo un portal para o profesorado, xa que permite crear actividades para o alumnado de calquera materia, sendo esta unha ferramenta a ter en conta, para planificar actividades, onde os nenos e nenas aprendan dunha maneira interactiva. Esta páxina conta con unha pestana dependendo do idioma no que queremos as actividades propostas; os idiomas a escoller estaría entre: español, inglés é francés. Estamos ante unha páxina web dun directorio de sitios web.



A páxina web está dirixido ao público de Primaria, coa finalidade de que aprendan os nomes dos planetas mediante pequenas pistas que ofrece, onde as respostas se ben axustadas polo cronómetro, isto serve para que os nenos e nenas, evolucionen do simple ao complexo, é dicir, que a velocidade ao principio non se terá en conta pero según vai evolucionando o xogo, o mestre ou mestra, pode determinar o tempo. Para a realización desta actividade, temos que ter en conta a temporalización da mesma, sabendo que se traballamos on-line, tardariamos máis que se fose unha clase ordinaria.

Realmente o tempo que lle dedicaríamos a esta actividade será aproximadamente unha semana, se contamos que temos dous días de clase da materia que engloba esta actividade. Esta actividade non mostra moitos cambios polo que se prolongamos a súa duración, resultaría un pouco monótona, obtendo como resultado, alumnado aburrido.

Atendendo a os aspectos curriculares, o contido desta páxina correspóndese coa que

mundo que nos move” de 3º de primaria, onde o contido a tratar é o seguinte:



Como podemos apreciar, os contidos da actividade encaixan perfectamente cos que se recollen no currículo, tendo como obxectivo que os alumnos e alumnas completen a sopa de letras atendendo os planetas, proporcionándolles unha breve información dos distintos planetas.

O aspecto estético que presenta é o típico formato de sopa de letras, pero presenta un deseño moi limpo, no sentido de que é moi visible tanto as pistas como os mandos de navegación, o que carece é de son pero nunha sopa de letras, non se emprega. Esta páxina permite engadir comentarios con respecto ao xogo, permitindo a súa vez o seguimento da páxina web por medio das redes sociais.

En canto a liberdade de acceso é totalmente gratuito, sen ningún tipo de servizo de pago, polo que fai interesante para todos os públicos, especialmente aos nenos e nenas dunha certa idade. Ademais o xogo contén algo de publicidade, anque a veces non soe ser un impedimento, nin un engorro. Manexar este sistema é súper doado, xa que na actualidade non hai páxina, programa, web que se lle resisten aos xóvenes. Como ben mencionei anteriormente, esta páxina é tan accesible para o alumnado coma para o profesorado o que pode empregar para o deseño dalgunha actividade basándose nesta páxina web, permitindo a interacción por ámbalas partes.



